

# Varamento de tartarugas mariñas, cetáceos e lobos mariños nas costas galegas

Charla impartida pola CEMMA (Coordinadora de estudo dos mamíferos mariños) o 30 de abril do 2024 no IES Terra do Xallas na Semana da Ciencia e coa colaboración do Departamento de Orientación e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

[http://www.cemma.org/principal\\_cas.htm](http://www.cemma.org/principal_cas.htm)

Nunha primeira parte, Uxía Vázquez, oceanógrafa, describiu as especies de cetáceos, pinnípedos e quelonios máis comúns nas costas galegas, o seu estado de conservación e os problemas cos que se atopan na nosa área.

Na segunda parte desta interesantísima charla, deu varias pautas a seguir no caso de que aparezan animais vivos destes grupos nas praias e queiramos atendelos. **Sempre hai que chamar ao 112** se os animais teñen problemas ou se hai corpos mortos nas praias, pois os especialistas precisan destes datos.

Recordar que **o medio mariño é dos seres mariños, non dos humanos.**

A aparición preto das orlas das praias ou nas praias debería ir seguida dun comportamento de respecto pola nosa parte e **deixar espazo para o animal**, non molestalo ou facelo protagonista das nosas redes sociais (hai leis que o prohiben e multas que o sancionan).

Os tres grupos de animais dos que nos falou teñen que saír fóra da auga para respirar polo que, o segundo que debemos facer despois de chamar ao 112, é ver se poden facelo.

Se esta charla vos motivou, ide **metendo unha máscara na bolsa da praia**. O primeiro que debemos facer é protexernos.

- **CETÁCEOS: poñer máscara** antes de achegarnos a eles xa que podemos contaxiarnos enfermidades entre nós e polo venteador ou espiráculo, que é o seu nariz e está enriba da cabeza, saen aerosois e mocos.

Se aparecen varados **non hai que tirar deles** para metelos na auga. Son fortes e pesados, todo músculo. Se tiramos das aletas pectorais, podemos provocarlles unha luxación.

**Da cola e do bico, mellor afastarse.**


Se están na auga, mantelos a flote cunha man baixo o peito e coidando que o **espiráculo** estea **fóra da auga** (e non tapárllelo, nin o ollo). Se o animal está nervioso, **a súa respiración** ten o ritmo da nosa. Cando está relaxado podemos asustarnos, pois tarda moito entre unha inspiración e a seguinte.

**HAI QUE CALMALO SEMPRE**, falar baixiño, espertar a súa curiosidade, afastar á xente.


**PODE DECIDIR NON RESPIRAR E MORRER ASFIXIADO** (a súa respiración é voluntaria).

Como se calma a un cetáceo dado que non falamos o seu idioma? Pois igual que se calmamos a unha persoa.


Se está na area, **hai que evitar que se quente** en exceso. Facerlle sombra (cunha toalla, unha táboa de surf) e mollalo con frecuencia tapando o espiráculo coa man, senón morrerá.



Nas fotografías (da charla anterior), un golfinho riscado é colocado na anda (só os especialistas poden facer isto). O noso alumno Fran foi colocado nunha, loxicamente coas súas fosas nasais cara arriba. Vemos o difícil do seu transporte, e iso que pesaba moito menos que un golfinho riscado.



Tamén ensinounos a **distinguir entre machos e femias** e que os datos que debemos recoller se atopamos un cetáceo morto son, como mínimo, o seu **tamaño e o sexo**. Como non é fácil levar un metro, pódense marcar os nosos pés un a continuación doutro ao longo do corpo e facer unhas fotos, dicindo o número de calzado que temos.




- **PINNÍPEDOS:** Se aparecen nas beiras da praia é posible que estean **descansando**, pero moitos dos exemplares que chegan, dende xaneiro ata marzo, son inmaturos, son **bebés** de menos de 6 meses, pero cunha **DENTADURA MOI POTENTE** aínda que teñan esa cara de bebés. Fixádevos na foto como os seus dentes son como colmillos-TODOS.

Se só están descansando, marcharán.  
 Se amosan lorzas no seu corpo (ver esta foto e a seguinte) é que están moi delgados e hai que **AVISAR** primeiro e seguir as instrucións que nos dean.  
 Uns pequenos foron paridos nas orelas e quedarán aí, pero outros naceron nas dunas e pensan ter seguridade nelas. Isto apunta a que están bastante mal.





Lorzas. O exemplar está moi delgado



NUNCA se debe intentar collelos sen algo que lles cubra a cabeza.

Nesta foto da esquerdata vense as lorzas que indican que está demasiado delgado. Hai que avisar.

No cartel da dereita amósanse as normas que se deben seguir.

Os cans son perigosos para eles, e eles poden ser perigosos para os cans.

Na fotografía de abaixo se pode ver outra vez a potente dentadura que teñen. Todos os seus dentes parecen caninos (hai que insistir moito neste).



**Tempada de Lobos mariños 2020-2021**

É algo normal atopar un lobo mariño na praia

GRAZAS POLA COLABORACIÓN

Pola túa seguridade e tranquilidade:

- Prende o can, se o levas solto
- Non te achegues nin o molestes
- Alerta a 112 ou 686989008


PRECAUCIÓN REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA

Lobo mariño concello (Empresaria propia)

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E VIVENDA

• **QUELONIOS:** a maioría dos que aparecen nas nosas costas tamén son inmaturos, son bebés de tartarugas, pero o seu problema é atoparse con augas moi frías. Ao ser réptiles quedan sen posibilidade de moverse ben, pois o seu sangue arrefrúase demasiado.

Tamén hai que avisar e ter coidado co seu bico. Se é a tartaruga de coiro, é demasiado grande e pesada e pouco se pode facer, agás atendela na praia. Se se trata dun inmaturo doutra especie hai que collelo de lado para que non nos faga dano.



Para rematar, avisounos do dano que fan algunha das actividades acuáticas, sobre todo cando se utilizan **embarcacións ou motos acuáticas para perseguir aos cetáceos.** En verán teñen crías e HAI MOITA MORTALIDADE DE CRÍAS porque os adultos deciden realizar inmersións moi



profundas Para escapar dos humanos molestos e os pequenos non as soportan e morren asfixiados. Tamén producen a separación das mandas.

<http://www.upsocl.com/verde/este-hombre-acoso-a-un-grupo-de-delfines-en-su-moto-acuatica-no-le-hacian-nada-solo-quiso-molestar/>



**NON TODO VALE PARA DIVERTIRSE!**